



COMPOSTELA
CONTEMPORÁNEA

FESTIVAL DE MURALISMO e INTERVENCIÓNS URBANAS

[OUTUBRO-NOVEMBRO 2023]

| ARTISTAS |

MØU · DOA · ERRE · LIDIA CAO

Organiza



Comisariado



COMPOSTELA CONTEMPORÁNEA 2023

Volve un ano máis ás rúas de Santiago o festival de muralismo e intervencións urbanas Compostela Contemporánea.

Da man do estudio especializado en arte urbana Mutante Creativo, que dirixe e comisaria o evento, esta sexta edición do festival xunto coa área de Mocidade Compostela; contará con 3 intervencións murais de gran formato por parte de tres figuras galegas de ampla traxectoria como son os ordenses Møu e Lidia Cao e a artista ourensana Doa.

Møu intervirá no barrio das Cancelas, na rúa Xoan Pablo II con Rúa Vintecinco de Xullo, n2. Lidia Cao fará a súa intervención na fachada do IES de SAR e Doa incidirá no muro de contención do depósito de auga, tamén no barrio das Cancelas. As obras sumaranse ao xa extenso patrimonio muralístico compostelano que medra ano tras ano co festival. As creacións vanse levar a entre o mes de outubro e novembro, comezando Lidia Cao o 19 de outubro se as condicións climáticas o permiten.

Aparte disto, tamén contarán cunha Master Class ao redor da técnica do "Stencil" impartida polo coñecido artista ERRE, que achegará esta técnica ao alumnado de bacharelato artístico do IES de Sar. Levarase a cabo nos días 26 e 27 de outubro e terán a oportunidade de coñecer de preto esta técnica e os procesos para levar a cabo unha intervención de este estilo.

O proxecto consegue a rexeneración de moitos espazos urbanos deteriorados, abandonados ou en desuso e a dinamización por medio da arte das zonas nas que se interveñen, facendo que tanto composteláns coma visitantes da cidade adquiran un incentivo por medio da arte urbana para pasear e desfrutar desas zonas a priori menos interesantes a nivel patrimonial e turístico.

O evento pretende servir coma un actor rehabilitador, cultural, social e económico para a cidade, mediante a rexeneración urbana e o crecemento dun tráfico constante cara á cidade dun novo turismo diferenciado e especializado en arte na rúa, algo distinto ata o de agora en Compostela pero cun gran éxito e resultados a nivel internacional en múltiples urbes e que servirá pra complementar e engadir valor e un plus de interese ao turismo xa existente que posúe a cidade.

Organiza: Mutante Creativo e Mocidade Compostela

MØU

| DESEÑADOR GRÁFICO | MURALISTA | CURATOR |

> O amor polo debuxo marcou a súa infancia, as personaxes das series de animación enchían folios e cadernos, pouco a pouco asomouse ao mundo da banda deseñada e anos máis tarde ao graffiti. É titulado en gráfica publicitaria na Escola Pablo Picasso da Coruña, de aí a influencia do deseño gráfico na súa obra, creando un estilo onde predomina unha paleta de cor reducida e moi desaturada e onde traballa os volumes a través das formas planas, todo reforzado cunha liña persistente e limpa. Nos seus murais adáptase ao que lle suxire cada lugar, bebendo da súa historia ou dos seus relatos.

> Møu é un artista multidisciplinar ao cal marca a súa carreira profesional o deseño gráfico, a música e o muralismo, así como a súa faceta de co-director e comisario en eventos como o DesOrdes Creativas de Ordes, Rexenera Fest de Carballo, o Cromático de Cambre, Compostela Contemporánea ou o Muta o Couto de Ponteceso.

Máis info sobre MØU:

https://www.instagram.com/mou_mutante/





DOA

| MURALISTA | ILUSTRADORA |

> DOA OA, é unha das principais figuras do muralismo galego e tamén estatal, cunha extensa traxectoria e ampla experiencia, ten participado en numeros proxectos e e eventos de muralismo e arte urbana ao redor do globo nos últimos anos e é pra nos unha axente rexeneradora do espazo público suuuper necesaria.

Dende moi nova estivo experimentando diferentes técnicas expresivas. Fai xa uns anos descobre a posibilidade de axudar ao reino verde a recuperar o espazo perdido, e é nese momento cando empeza o seu proxecto Reforestando. Pensado por e para a transformación do espazo público a través da arte, mediante intervencións murais "site specific" de temática vexetal.

O motor desta idea é a urxente necesidade de recoñecer e respectar o contorno natural e todo o reino vexetal, así como a importancia de espertar na nosa conciencia a idea de que somos parte dun todo. Con cada intervención mural da serie Reforestando, Doa consegue facer florecer e renacer dun xeito novo a cada espazo no que actúa.

Máis info sobre Doa Oa:

<https://doaoa.wordpress.com>

https://www.instagram.com/doa_oa/





LIDIA CAO

| MURALISTA | ILUSTRADORA |

- GAL -

Nace en Santiago de Compostela - 1997, Técnica Superior en Ilustración pola EASD Pablo Picasso de A Coruña. Dende pequena debuxaba os libros e cubría calquer superficie co bolígrafo. Interesouse polo debuxo de figuras e rostros, analizando as expresións e o que decir con moi pouco. Nunca asistiu a clases particulares e considérase maiormente autodidacta.

Foi en 2016 cando o muralismo tropeza no seu camiño gracias a obradoiros de iniciación a partir dos cales empeza a explorar novos mundos. Encántalle crear o volumen a través de simples liñas. A súa paleta é en gran parte monocromática, utilizando tamén cores desaturadas e pouco estridentes.

Participa en varios festivais de muralismo máis prestixiosos a nivel internacional e actualmente traballa como ilustradora freelance e artista mural.

Máis info:

<https://www.instagram.com/lidia.cao/>

<https://www.facebook.com/lidiacao.art/>





ERRE

| ARTISTA URBANO|

ErrE é un especialista do stencil, obras realizadas mediante a técnica do estarcido ou “plantilla”, moi utilizada na arte urbana, tamén artista activo noutra técnica como o “Sticker art” ou pegatina, ou o Paste-up.

O artista urbano coruñés é autodidacta, comezou a súa andanza no stencil no ano 2006, inspirándose noutros artistas urbanos como C215 ou Banksy. Déixa a súa pegada en todo tipo de soportes; muros, colectores de lixo, portas de garaxe, etc... Ideas gráficamente sintetizadas nunha figura, rostro, corpo ou obxecto que transmite unha mensaxe política incómoda, tal vez de descontento social, de inconformismo, á desigualdade, etc.

Para o artista coruñés, o significado da súa obra e a de deixar o seu pensamento nas rúas da cidade dunha forma gráfica. Facer chegar unha mensaxe e crear un diálogo co transeúnte é o máis emocionante da súa profesión.

Máis info sobre ERRE:

<https://www.instagram.com/errewitherre/>



